



Concello
da Estrada



NORMAS INTERNAS DE USO E FUNCIONAMENTO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS

As presentes normas serán de cumprimento obrigado para todas aquelas entidades, colectivos e/ou persoas físicas que teñan concedida a utilización dos pavillóns polideportivos municipais no concello da Estrada.

O obxecto desta normativa é garantir que se realice un uso correcto destes recintos, coa finalidade de colaborarmos entre todos e todas para manter as instalacións nunhas condicións de funcionamento óptimas.

O uso das instalacións deportivas municipais está suxeito á aplicación da Ordenanza fiscal núm. 26, reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.

HORARIOS

O **horario habitual** de apertura dos pavillóns polideportivos municipais é o seguinte:

De luns a domingo: de 9.00 a 14.00 h e de 16.00 a 23.00 h.

Os festivos, salvo en caso de competición oficial e/ou autorización expresa do Departamento de Deportes, as instalacións estarán pechadas.

Estes horarios poderán sufrir alteracións nas épocas de vacacións e naqueles supostos concretos que autorice previamente o Concello da Estrada.

NORMAS DE ACCESO Á INSTALACIÓN

Unicamente poderán acceder ao recinto deportivo os clubs, deportistas, entidades e persoas usuarias que teñan a autorización expresa do Concello da Estrada. Independentemente desta circunstancia, o/a conserxe da instalación poderá denegar a entrada ao recinto a deportistas e clubs concesionarios —incluso suspender a actividade unha vez iniciada— se considera que, ao seu criterio, existe algunha circunstancia extraordinaria que o aconselle (por exemplo, estragos no terreo de xogo ou nos vestiarios).

As persoas usuarias deberán seguir as observacións e os requirimentos do persoal a cargo das instalacións e están obrigadas a cumprir as presentes normas. Os comportamentos inadecuados e/ou vandálicos contra calquera dos elementos do recinto deportivo ou contra outras persoas usuarias, suporán a expulsión inmediata da persoa ou persoas implicadas.

O Concello da Estrada resérvase o dereito a anular ou suspender calquera reserva se for necesario, situación que se comunicaría coa máxima antelación á persoa e/ou colectivo afectado.

Non está permitida a entrada de animais, salvo no caso concreto dos cans guía.

O uso das bancadas durante os adestramentos e as actividades que non son de competición está reservado unicamente para as persoas deportistas/usuarias e membros técnicos/as dos clubs (adestradores/as, preparadores/as físicos/as...), así como para o resto de persoas (pais, nais e acompañantes en xeral dos nenos e nenas deportistas), excepto cando a persoa usuaria do terreo de xogo indique o contrario.

Non está permitido comer pebidas de xirasol na contorna do terreo de xogo (unha limitación que se pode estender a máis espazos do recinto), nin acceder con envases de vidro e/ou cristal, botes ou calquera outro tipo de recipiente contundente.

VESTIARIOS

Aos vestiarios poderán acceder unicamente os e as deportistas dos clubs e/ou colectivos que teñan autorización para o uso da instalación, o corpo técnico e/ou o profesorado, os/as



Concello
da Estrada



árbitros/as, nos casos de competición oficial, e membros da xunta directiva dos clubs con autorización para uso da instalación.

O acceso aos vestiarios realizarase con 20 minutos de antelación con respecto á hora de uso reservada, e con 1 hora de antelación no caso concreto de actividades de competición (partidos oficiais), coas excepcións que se comuniquen a nivel federativo.

En ningún caso poderán acceder nenos ou nenas de forma puntual sen que estea presente na instalación a persoa adestradora ou responsable do grupo.

Excepcionalmente, no caso daqueles clubs que estean a traballar con nenos ou nenas menores de 9 anos, permitirase que **unha persoa adulta acompañe un neno/a** aos vestiarios, sempre que a entidade da que dependa o autorice. Os grupos de nenos e nenas de 9 anos ou máis accederán en presenza, unicamente, dos/as adestradores/as. O Departamento de Deportes valorará de forma puntual as situacións especiais respecto desta norma.

Durante o uso dos vestiarios por parte de grupos ou equipos de persoas menores de idade, será obrigatoria a presenza na instalación dunha persoa adulta responsable ata que se abandonen.

Está prohibido cambiarse en zonas coma corredores, aseos e, en xeral, en calquera outra dependencia que non sexa un vestiario.

Finalizada a actividade, os/as deportistas deberán de abandonar os vestiarios no prazo máximo de 30 minutos.

Recoméndase o uso de chancletas para ducharse e circular polos vestiarios.

Por motivos de seguridade, non se permitirá o uso de aparatos eléctricos.

Por cuestións de hixiene, non se permitirán as seguintes accións persoais dentro dos vestiarios: depilarse, afeitarse, cortar as uñas e outras similares. Tampouco está permitido comer.

Está totalmente prohibido xogar cos balóns dentro dos vestiarios.

TERREO DE XOGO

É importante lembrar que o coidado e mantemento dos recintos empeza por un/unha mesmo/a.

Todos as persoas deportistas, adestradoras e as demais colaboradoras que estean no campo durante a actividade, deberán de ter calzado deportivo e indumentaria adecuada. Fica prohibido o uso de botas con tacos metálicos nos campos de herba sintética e non se permitirá o acceso con calzado da rúa.

Está totalmente prohibido cuspir e tirar calquera tipo de lixo na instalación e, en especial, na pista de xogo.

Naqueles deportes que precisen empregar algún equipamento específico (postes de voleibol, postes de bádminton, canastras de baloncesto...) as persoas adestradoras e/ou deportistas maiores de idade, pertencentes ao club ou colectivo implicado, deberán de colaborar na colocación e na desmontaxe destes equipamentos co/coa conserxe da instalación.

Non se poderán manipular os equipamentos deportivos existentes nas instalacións sen a autorización do/a conserxe e sen que el/ela estea presente. Está totalmente prohibido arrincar as portarías de fútbol sala/balonmán e colgarse delas.

DISPOÑIBILIDADE DE PISTA LIBRE

Enténdense como “pista libre” os partidos, os xogos deportivos e as prácticas deportivas, en xeral, realizadas por persoas físicas e non profesionais.

As reservas puntuais dos polideportivos para da “pista libre” deberán de realizarse na oficina do/a conserxe da instalación, para o que se aboará a cantidade que proceda en cada caso, segundo estableza a Ordenanza fiscal núm. 26 e dentro dos criterios de xestión que



Concello
da Estrada



determine o Concello da Estrada.

Para o acceso de “uso libre” aos pavillóns municipais é un requisito indispensable ser maior de idade. As persoas menores só poderán acceder e permanecer nas instalacións acompañadas dunha persoa adulta, que será responsable do uso da instalación.

A reserva das instalacións por parte de persoas físicas, para o desenvolvemento de actividades deportivo-recreativas de carácter puntual, realizarase das seguintes maneiras:

- * Telefonicamente, chamando ao 620 289 802 (de martes a xoves, en horario de 9.00 a 14.00 h).
- * Persoalmente, nas oficinas do Departamento de Deportes, no 4º andar da casa do concello, (de martes a venres, en horario de 9.00 a 14.00 h).

As fins de semana faranse reservas unicamente se existe dispoñibilidade unha vez atendidas as competicións e as demais actividades programadas. De luns a venres só se farán reservas nas horas que non estean ocupadas polos adestramentos dos clubs na instalación correspondente.

Cada persoa usuaria poderá reservar como máximo unha hora diaria e terá dereito ao uso dun vestiario.

Calquera **outro tipo de reserva** que queira realizar unha persoa física e que non se axuste ao indicado neste apartado das normas, terá que ser valorada de forma específica polo Concello da Estrada.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Os clubs e entidades con concesión de uso dunha instalación para toda a tempada deberán de cumprir a normativa específica e as circulares adicionais que no seu momento lles remita o Concello da Estrada, que se consideran un complemento ás presentes normas.

Os horarios e **os días reservados para a unha entidade son intransferibles**, polo que non se poden ceder a outro equipo, nin se poden compartir con outro club. As situacións puntuais sobre esta cuestión que se dean ao longo da tempada deberán de ser consultadas no Departamento de Deportes e precisarán da súa autorización.

A entidade poderá perder a súa reserva de instalación se, de forma reiterada e non xustificada:

1. Non fai uso dela.
2. Asiste cun número moi reducido de deportistas, inferior a 8.
3. Incumpre de forma reiterada os horarios concedidos para a tempada.
4. Incumpre algunha das normas recollidas neste documento.

Os danos ocasionados na instalación, ou en calquera dos seus elementos, por parte das persoas deportistas e usuarias en xeral, como consecuencia de actos negligentes ou de accións vandálicas, deberán de ser asumidos e compensados pola persoa ou persoas implicadas. No caso concreto de actividades vinculadas con clubs deportivos, considerarase a entidade a responsable subsidiaria, polo que estará obrigada a repoñer os danos producidos. A reiteración deste tipo de comportamentos ao longo da tempada suporá a anulación automática de todas as horas de uso das que dispoña a entidade, con independencia do equipo ou persoa que cometa a infracción.

Co fin de contribuír a garantir a seguridade de todas as persoas usuarias das instalacións, as persoas xogadoras, adestradoras e deportistas en xeral deben informar aos/ás conserxes dos estragos ou anomalías que observen nos diferentes espazos, tanto nas instalacións coma no terreo de xogo.



Concello
da Estrada



O Concello da Estrada non se fai responsable dos obxectos extraviados, subtraídos ou esquecidos nos vestiarios ou no interior da instalación. Recoméndase non introducir no recinto obxectos de valor.

O Concello da Estrada declina toda a responsabilidade das lesións derivadas da práctica deportiva que puideren producirse. Enténdese que no momento de facer uso da instalación as persoas usuarias manifestan estar aptas para realizar actividade físico-deportiva.

Na conserxaría das instalacións hai follas de incidencias e queixas á disposición das persoas interesadas.

Para calquera información, dúbida ou suxestión respecto do uso e do funcionamento destas instalacións deberá de dirixirse ao Departamento de Deportes do Concello da Estrada, para o que pode acudir ás súas dependencias no 4º andar da casa do concello, chamar ao teléfono 986 570 030 extensión 4405 (de luns a venres, de 9.00 a 14.00 h) ou enviar unha mensaxe ao enderezo de correo electrónico deportes@astrada.es.

OUTROS TELÉFONOS DE INTERESE

Protección Civil: 986 573 333

Policía Local: 986 570 898

Emerxencias: 112